

MODELO DE COMENTARIO DE TEXTO

DOC. 2

O Estado de Polonia rexeitou o establecemento de relacións pacíficas, como eu as desexaba, e recurreu ás armas. Os alemáns en Polonia son sacados dos seus fogares e perseguidos cun terror sanguento. Unha serie de violacións da fronteira, intolerables para unha gran potencia, proba que, a longo prazo, Polonia non respectará as fronteiras do Reich.

Coa finalidade de poñer fin á súa locura, non teño outra alternativa que responder forza contra forza desde agora. O exército alemán deberá combater polo honor e os dereitos vitais de Alemaña con ardua determinación.

Adolf Hitler (1 setembro 1939)

____ Análise de ideas e teoría ____

Antes de comezar a redactar teríamos que subliñar ideas ou conceptos que consideremos importantes. ter clara a teoría do tema e facer un pequeno esquema “ao voso xeito”, non ten que ser coma este.

IDEA PRINCIPAL	IDEAS SECUNDARIAS	TEORÍA II GUERRA MUNDIAL
Xustificación de Hitler para ocupar Alemaña en 1939.	- Os Polacos compórtanse mal: violencia contra os alemáns e non respetan as fronteiras do Reich. - É indispensable enfrontarse a Polonia de maneira violenta co exército. - Defensa da honra e dereitos vitais de Alemaña.	-Antecedentes: situación de Europa e triunfo do nazismo. -Características do nazismo (especialmente para este texto: expansión territorial, visión maniquea, uso da propaganda...) -Ocupación de Polonia como detonante da II guerra mundial.

____ Estructura do comentario ____

Para que o comentario quede ben estruturado e ordenado hai que dividilo en **parágrafos** e usar **conectores**.

Unha estrutura clara pode ser a que xa explicamos en clase e seguimos nos exames:

- **Presentación do documento ou autor** (se o coñecemos. Non é só nomealo senón presentar brevemente quen foi).
- **Idea principal do documento** (non é copiar unha frase literal do texto. É dar unha visión xeral do texto)
- **Antecedentes** (expor ideas e conceptos pero non unha explicación detallada. A modo de “introducción” ao que explicaremos en profundidade seguidamente).
- **Contexto dos feitos** (parte máis detallada e difícil. Alusión a elementos do texto que se relacionen coa teoría).
- **Situación futura/Conclusión** (Non é unha opinión persoal. O ideal é facer unha valoración da importancia do momento explicado no texto. Se non temos claro como facelo podemos facer un resumo máis teórico do que acontecerá “despois” do explicado no documento).

O texto a comentar é un extracto dun discurso de Adolf Hitler con data de 1 de setembro de 1939, nos inicios da ocupación de Polonia por parte dos nazis e o comezo da II guerra mundial. Adolf Hitler foi un dictador fascista de Alemaña dende o 1933 ata o 1945, etapa na que propagou e puxo en práctica o seu ideario nazi.

PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO
E AUTOR

A idea principal do texto poderíase resumir en que Hitler xustifica a invasión de Polonia por parte dos nazis expoñendo unha realidade “terxiversada” sobre a crueldade dos polacos.

IDEA PRINCIPAL

Para entender tanto esta xustificación como a ocupación de Polonia hai que entender o contexto no que se fraguaron estes acontecementos. A época de entreguerras foi sumamente complexa e nela radican as causas remotas da II guerra mundial: os tratados de paz como o de Versalles resultaron humillantes para os vencidos, a época da concordia ilusoria dos anos vinte non resolveu as tensión e rivalidades entre os países europeos, a Gran Depresión dos anos 30 afundiou todavía máis a economía de Europa, a polarización ideolóxica fixo mella na sociedade e triunfaron o comunismo e o fascismo. Neste clima tenso e empobrecido Hitler chega ao poder en 1933 cun ideario propio onde destaca: o antisemitismo, a visión maniquea do mundo, a militarización, a expansión territorial e o uso da propaganda. Ideario manifestado na súa obra Mein Kampf.

ANTECEDENTES

E

INTRODUCCIÓN
AO CONTEXTO
DO DOCUMENTO

Entrando xa nun contexto máis próximo a 1939 temos que destacar que Hitler xa incorporara ao seu Reich zonas como Renania ou os Sudetes, sempre ante a relativa pasividade das demais potencias. Pactando as anexións como ocorreu cos Acordos de Múnic.

CONTEXTO

E

RELACIÓN DE
TEORÍA E IDEAS
DO TEXTO

A incorporación destas zonas relaciónase coa **búsqueda do espazo vital** e a superioridade dos arios para crear un gran imperio. A anexión de Polonia entra dentro dos seus plans e para emprender a ocupación Hitler escúdase en feitos como: o maltrato dos polacos aos alemáns (“*os alemáns en Polonia son sacados dos seus fogares e perseguidos cun terror sanguento*”), as accións violentas dos polacos (“Polonia recorreu ás armas” ou “*Polonia non respeta as fronteiras do Reich*”). Feitos que se poden relacionar en primeiro lugar cunha **visión maniquea do mundo**, é dicir “de bos e malos”. Os nazis serían os bos e os demais os malos dos que se teñen que defender ou acabar con eles. Por outra parte esta realidade que mostra Hitler no documento está totalmente terxiversada ao seu antollo, é a súa realidade, que mostra aos demais como xustificación (“*non teño outra alternativa que responder forza contra forza*”). Isto podería relacionarse co **uso da propaganda**: expor ao inimigo, inventar historias sobre eles (xudeus, comunistas ou neste caso polacos).

No texto tamén emprega alusións ao uso do exército. Isto pode realacionarse co uso da **militarización nazi**. O exército é o salvador, o que debe “*combater polo honor e os dereitos vitais de Alemaña*”.

A ocupación de Polonia supuxo un antes e un despois na historia mundial pois foi o detonante da II guerra mundial. Polonia tiña tratados de axuda mutua con Gran Bretaña e Francia e ademais a intervención en Polonia supoñía un xesto agresivo ou de provocación contra a URSS (coa que Alemaña tiña un tratado de non agresión). En 1939 comezaría a II guerra mundial que remataría en 1945 con feitos notorios para o derradeiro triunfo dos aliados como: o desembarco de Normandía, a morte de Hitler e o lanzamento das bombas atómicas en Xapón.

CONCLUSIÓN

NON HAI UNHA MANEIRA ÚNICA DE REDACTAR UN COMENTARIO, PERO A PROFESORA TEN QUE VER QUE:

- SABES A TEORÍA.
- QUE EN CERTA MEDIDA SABES RELACIONAR A TEORÍA COAS IDEAS DO PROPIO TEXTO (QUE É A PARTE MÁIS DIFÍCIL).
- QUE REDACTAS DUNHA MANEIRA AXEITADA (CON IDEAS ORDENADAS, CON BO VOCABULARIO E BOA ORTOGRAFÍA).